



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Universidade da Coruña

Facultade de Filoloxía

Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios

Análise e proposta de categorización da narrativa galega contemporánea: levantamento de hipóteses sobre unha sondaxe da produción editorial de 2000 a 2019

Alumno: Xosé Manuel Cotelo Mouriz

Orientador: Roberto Samartim

Ano 2021

SAMARTIN
LOPEZ-
IGLESIAS
ROBERTO



Índice

Resumo	II
1. Introducción	1
2. Análise da produción de Xerais, Galaxia e Urco	11
3. Análise e categorización da narrativa publicada por Xerais, Galaxia e Urco	26
4. Conclusións	32
5. Referencias Bibliográficas	34

Resumo

Este traballo é unha tentativa de categorización da narrativa contemporánea galega através da produción das editoras Xerais, Galaxia e Urco na franxa do 2000 até 2019. O punto de partida foi o volume de *Cartografías da narrativa galega contemporánea* onde o seu autor, Xaquín Núñez Sabarís, analiza a produtividade das categorías do *thriller xacobeo*, a *narcoficción* e o romance negro, onde anticipa que estes temas presentan unha rendibilidade non só na narrativa senón tamén nas plataformas audiovisuais. Así, fixemos un levantamento de información co propósito de facer unha sondaxe da narrativa contemporánea para verificarmos a produtividade das categorías sinaladas e introducirmos novas etiquetas se for o caso.

En segundo lugar, xeramos información relativa ao campo editorial galego que cremos que será frutífera en posíbeis traballos futuros. As editoras que conformaron a nosa análise destacan por seguir unhas estratexias de mercado definidas ao buscar unhas liñas de produción concretas que lles permiten ser as referencias nalgúns dos xéneros que publican: Xerais eríxese como a entidade que máis produción alberga, sobre todo destinada a aqueles romances clasificados segundo a súa temática en “aventuras” alén de concentrar unha grande cantidade de libros no xénero infanto-xuvenil. Galaxia tamén mostra unha grande produción de títulos, mais inferior a Xerais dos cales verificamos unha proporción considerábel de volumes pertencentes á tradición sendo a etiqueta de “ruralismo e emigración” a máis destacada. Por contra, Urco é a editora que presenta a menor produción en relación a Galaxia e Xerais, mais destina case todo o seu catálogo ao campo da tradución, especialmente, a categoría de “fantasía e do terror”, onde tamén advertimos como esta editora aposta por clásicos da narrativa anglosaxoa xa que entre os autores que máis publican no seu catálogo a maioría son autorías do mundo anglófono.

Por último, advertimos que as categorías mencionadas por Xaquín Núñez Sabarís teñen unha incidencia discreta na produción destas editoras, sendo o “drama policial” a única etiqueta que

alcanza uns valores máis altos en relación ao “thriller xacobeo” e “romance negro”. Ademais, tamén podemos radiografar como a presenza da *ratio* entre autorías masculinas e femininas está decantado cara o sector masculino, onde de cada dez libros que analizamos, sete eran escritos por homes, mentres que apenas 3 eran de autoría feminina.

1. Introducción

Este traballo fin de grao parte das reflexións tratadas e exploradas polo profesor da Universidade do Minho, Xaquín Núñez Sabarís, no seu recente libro galardoado co premio Ramón Piñeiro de Ensaio, *Cartografías da narrativa galega contemporánea*. Núñez Sabarís (2019) identifica como produtivos tres repertorios na narrativa galega contemporánea (*thriller xacobeo, romance negro e a narcoficción*), promovidos durante o período 2000-2019 polas editoras Xerais, Galaxia e Urco. A partir deste traballo pretendemos analizar as estratexias editoriais destas tres editoras nese período no sentido de identificarmos o impacto deses tres repertorios na produción de narrativa das editoras identificadas por Núñez Sabarís e avanzarmos na categorización da narrativa galega do século XXI a partir da etiquetaxe desa produción. Así, do punto de vista editorial, consideramos pertinente facermos unha análise cronolóxica da produción dos volumes publicados entre os anos 2000 e 2019. O motivo delimitador ten de ver coas datas que aparecen descritas en Núñez Sabarís (2019). Desta forma, pretendemos mostrar, mediante un estudo comparativo, a proporción de volumes da narrativa en relación a produción total de Xerais, Galaxia e Urco.

Alén disto, outros obxectivos que serán explorados neste traballo académico, á par da nosa tese central, consistirán nunha sondaxe que nos permitirá comprender como está a funcionar o campo editorial atendendo ao xénero da narrativa: que autores publican máis libros, cal é a *ratio* entre escritores e escritoras, que editoriais posúen máis volume de produción, como son as estratexias de mercado destas editoras, alén de facermos un seguimento cronolóxico da produción das editoras que conforman este estudo. Deste xeito, consideramos que as hipóteses aquí levantadas serán frutíferas en traballos posteriores xa que, como se explicará na metodoloxía empregada para atinxirmos todas estas análises, no levantamento de información para resolvermos o noso obxectivo de estudo xerouse documentación valiosa sobre como está

a funcionar o campo editorial galego entre o 2000 e o 2019. De facto, dada as características deste traballo de fin de grao, non nos é posíbel afondar no estudo por razóns de extensión, mais está contemplado traballos futuros que ampliarán aquelas hipóteses e obxectivos que non puideren ser atendidos ao longo destas páxinas.

Canto ás ferramentas que foron empregadas para levarmos a cabo este traballo, foi de utilidade á base de datos do *Projecto Livro Galego* (Samartim e Cernadas 2020) xa que nos proporcionou a información da produción do ano 2000 até o 2019 das editoras Xerais, Galaxia e Urco que conforman o noso estudo. A decisión de unicamente cinguirnos á análise desas entidades débese aos seguintes motivos. En primeiro lugar, son as únicas editoras que aparecen nomeadas por Núñez Sabarís (2019) que supuxeron o noso punto de partida tanto polo período que delimita o autor como polas entidades editoriais que foron mencionadas. En segundo lugar, o estudo pormenorizado de Xerais, Galaxia e Urco supón unha análise suficiente para atinxirmos os nosos obxectivos tendo en conta o espazo que debe ocupar este traballo. Deste modo, o corpus do presente traballo conta cunha produción total de 4183 rexistros pertencentes ás editoras descritas, mais ese número será reducido até conseguirmos clasificar e categorizar unicamente aqueles volumes pertencentes á narrativa. Todos os procesos para a limpeza e selección dos datos analizados serán detallados adiante.

A poboación está constituída pola Base de Datos do Projeto Livro Galego (BD descrita en Cernadas 2020) e foi seleccionada a partir do corpus formado polos rexistros bibliográficos dispoñíbeis neste momento. Especialmente, a produción desas tres editoras no período en foco onde todos os datos obtidos foron procesados mediante follas de cálculo. Así, grazas a todos estes recursos conseguíronse crear unha serie de gráficas que apoiarán todas as explicacións feitas ao longo destas páxinas.

Canto ao estado da arte, Núñez Sabarís (2019) afirmaba o seguinte acerca da narrativa contemporánea galega nas primeiras décadas do século XXI: “[estase a producir] unha reconfiguración do campo cultural galego, un campo que vai alén do literario” (2019: 24). Segundo Nuñez Sabarís, moitos dos novos repertorios teñen a ver cos comportamentos dos mercados ao estaren vinculados aos procesos institucionais. O *thriller relixioso* aséntase na narrativa galega por causa da proxección da “marca” cultural e internacional do Camiño de Santiago de Compostela. O romance negro débese á expansión da industrialización da cidade olívica que permite ser o arquetipo predominante deste xénero. A *narcoficción*, pola súa banda, ambiéntase na grande extensión costeira que posúe o territorio galego, especialmente, nos escenarios das Rías Baixas, que serán o lugar predilecto para esta temática. Consecuentemente, todos estes xéneros estarían contribuíndo á creación de novos produtos que teñen como común denominador a proxección global de Galiza. De facto, ante o éxito destas temáticas da narrativa, o autor apunta que este auxe permitirá aumentar e soste a traxectoria da cultura galega noutros mercados.

Por contra, o presidente da asociación galega de editores, Xosé Ballesteros, non se mostra tan convencido desa posíbel consolidación do libro galego noutros mercados xa que, como indicaba o propio autor: “A nosa industria do libro é moi feble e ten difícil operar en mercados tan competitivos como o internacional” (2016: 109). No entanto, as conclusións de Núñez Sabarís (2019) esbozan unha serie de incógnitas que terá que afrontar a cultura galega nas seguintes décadas. Precisamente, en relación ao mercado editorial, o profesor da UMinho hipotetizaba o seguinte:

se o mercado editorial conseguirá crear novos públicos, asentando normas que sexan viables comercialmente sen estar condicionadas ao lector escolar ou á posición do escritor, más alá do sistema literario galego. Ou se a

globalización consegue manter un vantaxoso equilibrio entre posibilitar a proxección da cultura galega noutros mercados e para outros públicos sen que supoñan unha interrupción dunha tradición narrativa recoñecible (2019: 142)

Deste modo, entre os axentes culturais involucrados na produción e consumo do libro galego todos sinalan a importancia da figura do lector escolar, pois non é algo insignificante xa que segundo os datos de Xosé Ballesteros (2016: 108) “De cada 100 libros que se venden en Galicia durante un ano, 15 están publicados en galego; e deses 15, 7 son libros de texto.” Desta forma, se tomamos como referencia estes datos, a industria do libro de texto supón case un 50 % da publicación dos libros en galego na Galiza; por tanto, non é casual que as editoras Xerais ou Galaxia manteñan un fluxo constante de vendas á consecuencia dun grande volume de publicación de libros de texto.

Continuando co exposto, se atendermos ao testemuño do actual presidente da Real Academia Galega e ex-presidente da editora Galaxia, Víctor Freixanes (2013), sinalaba que desde que se aprobou o Decreto 79/2010 da Xunta de Galicia, a lingua galega diminuíu a súa presenza nas aulas en detrimento do inglés e do español, ao que habería que engadir tamén a non obtención de axudas económicas para publicación de libros en galego. Estes factores, segundo Freixanes (2013), explicarían o deterioro do campo editorial galego. En liña co exposto, Manuel Bragado, ex-presidente de Xerais, sinala que a tradución galega, hoxe en día, é deficitaria en termos cuantitativos (2013: 222):

A tradución en galego presenta carencias cuantitativas con respecto ao conxunto da edición en galego, xa que está alicerzada en exceso sobre o libro de texto, a literatura infantil e xuvenil e os textos publicados orixinalmente en castelán. Cumpriría publicar máis traducións literarias (tanto de textos

clásicos como contemporáneos), ensaísticas e divulgativas dunha maior diversidade de linguas de orixe.

Se observamos todos os argumentos expostos, Bragado (2006), Freixanes (2013), Ballesteros (2016) e Núñez Sabarís (2019) destacan que o mercado editorial galego precisa mudar a grande dependencia de publicacións en galego vinculados en particular aos libros de texto e ao ensino en xeral.

A seguir, en relación ao campo da tradución, no sector editorial galego desde os últimos anos, a lingua inglesa está a se consolidar como a principal lingua estranxeira máis traducida para o sistema cultural galego, representando un 11,62 % de libros traducidos cunha tendencia en aumento como nos sinala Freixanes (2013: 222). Isto indícanos que hai novas editoras que prefiren ter como estratexia de mercado a incorporación de títulos ingleses para o idioma galego. Esta dinámica é global, pois Germain Barré (2010) xa indicaba que a lingua inglesa reafirmou a súa hexemonía no mundo desde a caída do muro de Berlín, rexistrando un aumento da súa presenza como lingua albo para a tradución até alcanzar perto de 64 % das traducións mundiais, tal como recolle nas súas conclusións (Barré 2010: 215).

Por exemplo, hemos podido mostrar que el aumento de la proporción de traducciones realizadas a partir del inglés ha sido muy importante entre 1989 y 1992 mientras que, en paralelo, el reconocimiento del ruso no ha cesado de disminuir. (...) el inglés sería responsable de la caída brutal del número de lenguas traducidas.

Neste sentido, acompañamos o exposto por José Lambert (1983) cando presta atención á importancia e á relación entre os conceptos da tradución, tradición e produción; termos que nos permitirán profundar no coñecemento do campo editorial galego, levantado a partir da análise

relacional deses parámetros. Desta forma, facemos nosas as palabras de Samartim (2003: 32) cando explica que:

O professor J. Lambert (1983) introduz três conceitos explicativos das relacións que se estabelecem entre sistemas: a Produçom, Tradiçom e a Importaçom. O primeiro [produção] tem a ver coas actividades literárias num dado momento e lugar, o segundo [tradição] vem constituído polas actividades literárias do pasado que sobrevivem e, por último, a Importaçom é toda aquela actividade literária procedente doutros sistemas. Na Importaçom podemos englobar as prácticas de traduçom e todos aqueles elementos que chegam ao sistema de destino por meio das transferências ou das interferências com outros sistemas; o carácter máis ou menos voluntário diferenciará as primeiras das segundas.

Ao fío do exposto, através dos conceptos estudados por Barré e Lambert, tradición e tradución respectivamente, e os contributos do AS-PG, Vilavedra (2010) e Luna (2018), decidimos elaborar unha listaxe de etiquetas para categorizarmos a narrativa do noso corpus. Organizamos o proceso de etiquetaxe da narrativa en torno a dous grupos: as temáticas xenéricas e as tipoloxías funcionais. A atribución das categorías que serán presentadas a seguir descansan na información fornecida por cada editora na contracapa ou na web de cada un dos rexistros censados.

O grupo de temáticas xenéricas está formado polas categorías descritas por Núñez Sabarís (2019): no *thriller xacobeo*, estarán listados todos os romances que teñen como espazo de narración a cidade de Santiago de Compostela e no camiño de Santiago; en referencia á *narcoficción*, compilaremos aqueles volumes onde a trama sexa localizada nas Rías Baixas e que teñan como teor de fondo o mundo do narcotráfico; e, o romance negro terá como núcleo

principal o drama policial que se desenvolve en Vigo. Alén destes recorreremos a algunhas das categorías establecidas pola AS-PG para a presentación da narrativa do segundo milenio, nomeadamente a “fantasía e terror” e a “narrativa erótica”. Os volumes da narrativa subscritos á “fantasía e terror” caracterízanse por seren libros que teñen como principal fio argumental temas relacionados próximos ao xénero da ciencia ficción: a presenza de monstros fantásticos, espazos escuros e asfíxiantes, distopías, utopías, etc. Por outra banda, a “narrativa erótica” trasládanos a escenarios moi diversos; desde a violencia que sofre unha muller, até os xogos da sedución, o empoderamento na toma de decisións das protagonistas femininas, as reflexións sobre o erotismo e a sexualidade, a heterosexualidade ou a figura da *femme fatale*.

Alén dos citados, introducimos tamén as etiquetas “historia”, “sociedade”, “aventuras” “emigración e ruralismo” e “outros” da nosa propia autoría. Os títulos etiquetados en “historia” actualizan temáticas que teñen algunha vinculación con acontecementos históricos: Guerra Civil, revolucións, posguerra, tanto na Galiza como no resto do mundo. “Sociedade” ten a ver con aqueles libros que reflicten xuízos sobre a sociedade galega, mais non teñen de ser unicamente sobre o ser galego ou a súa identidade, senón que nestes libros tamén se reflexiona sobre o problema da contaminación, as desigualdades económicas etc. “Aventuras” está vinculado con aqueles volumes cuxa trama principal reside nunha aventura onde o/a protagonista pasa por uns obstáculos até superar o conflito que xera a aventura. “Emigración e Ruralismo” responde non só á emigración galega, senón que tamén é un conxunto de libros que conta a vida no exilio ou menciona como era a vida cotiá. “Outros” representan aqueles libros que, dado á miscelánea temática, resultan moi difícil encadralos baixo un único criterio se temos como referencia unicamente o seu discurso editorial; por exemplo, *Os largos e longos campos de liño azul* de Isaac Xubín, ao non conseguirmos clasificalo en torno ás etiquetas anteriormente descritas.

Se atendemos ás tipoloxías funcionais, este grupo está conformado polas etiquetas de “tradición”, “tradución” e “autoría feminina”. Respecto á tradición, optamos por engadir nesa categoría todos os libros escritos en galego pertencentes aos xéneros da narrativa, coa condición de pertenceren a autoras mortas; como por exemplo, *Maxina* de Marcial Valladares. En relación á tradución, conformarían este bloque aqueles libros que proveñen doutras literaturas traducidas á lingua galega. Por tanto, coa introdución destes criterios de tradición e tradución, unicamente aplicados ao xénero da narrativa serviríanos para analizar o volume de produción que ocupan en Xerais, Galaxia e Urco no período en foco. Do mesmo xeito, a etiqueta de “autoría feminina” atenderá só os volumes do xénero da narrativa que estean elaborados por unha escritora. Desta forma, mediante a introdución da categoría “autoría feminina”, conseguiremos mostrar cantas autorías femininas e masculinas pertencen ao xénero da narrativa nas editoras descritas entre os anos 2000 e 2019.

Por último, antes de explicarmos os procesos de limpeza e normalización dos rexistros no noso corpus, é de interese sinalarmos como moitas das categorías que foron mencionadas nas anteriores páxinas poden ter sido atribuídas a varios rexistros; isto é, un volume pode ter tanto unha atribución das etiquetas das temáticas xenéricas como tamén das tipoloxías funcionais, por exemplo: *A boca do monte* de Celía Díaz Núñez estaría encaixada na demarcación de “autoría femenina” por ter sido escrito por unha muller, mais tamén na categoría de “historia” ao estar ambientada na conquista do imperio romano e as súas dificultades cando chegou ao territorio galego.

En relación aos procesos de limpeza, normalización e categorización, procederemos a explorar nas seguintes páxinas o total de libros, en concreto 4183 libros, pertencentes ás editoras Xerais, Galaxia e Urco, froito da súa produción entre os anos 2000 e 2019.

Toda a información que posuímos no momento de elaboración deste traballo provén do *Proxecto Libro Galego* aínda que non toda a información estea completa¹, isto non significou que non houberen estudos relacionados con esta base de datos como se exemplifica co recente traballo de Lucía Cernadas (2020) onde explica como é a súa estrutura e funcionamento desta, alén de reflectir información sobre o campo editorial galego.

Non obstante, cremos considerábel explicarmos, detalladamente, as siglas coñecidas como “CDU” xa que vai ter unha grande incidencia neste traballo pois partimos deste criterio para a selección da poboación. A *Clasificación Decimal Universal*, tamén coñecida como “CDU” é unha información que aparece en todos os volumes que compoñen o noso estudo, ademais de funcionar tamén como un criterio delimitador, xa que nos indica, mediante a súa secuencia de números, a que xénero pertence o libro que estamos a clasificar, en que idioma foi escrito etc. Así, calquera volume que estea nas follas de cálculo foi referenciado seguindo os códigos de identificación da táboa de materias da Agencia del ISBN de España².

Atendendo á información das follas de cálculo, o principal obstáculo observado foi unha grande cantidade de volumes que estaban duplicados, alén de advertirmos un número considerábel de libros literarios e non literarios. Cando nos referimos a libros non literarios, definímolos como aqueles volumes que son clasificados como libros de texto, dicionarios, biografías ou discursos pronunciados para o ingreso a unha entidade cultural, fronte os literarios, que serían todos os demais libros que teñen unha vontade estética e finalidade artística.

¹ A información contida na Base de Datos do libro galego no período autonómico (1978-2019) está suxeita a normalización e revisión periódica por parte das persoas responsábeis pola edición e será actualizada, de regra, con carácter anual por medio da publicación de una versión actualizada que dê conta da evolución dos volumes de produción editorial do libro galego de 2019 para a frente. Dispoñíbel en <https://livrogalego.net/>

² Dispoñíbel en <https://www.agenciaisbn.es/web/archivos/TablaCDU-ISBN.pdf>

Así, en primeiro lugar, foi necesario normalizar todos os rexistros presentes na BD do *Proyecto Libro Galego*. Este paso foi indispensable para fixar e adecuar a produción xa que, por unha banda, nalgúns casos, podía atoparse algunha obra literaria co símbolo de interrogación no detrimento da letra “ñ”; outras veces, tamén se notificaba o signo de exclamación con aqueles libros ou autores que contivesen as letras “lh”, inclusive, atopamos certos campos onde a información non estaba completa e foi preciso prechela de xeito manual. En segundo lugar, unha dificultade que foi achada tiña relación cos volumes con múltiples autorías. No censo que foi efectuado sobre que personalidades publican máis, decidimos que aquelas publicacións con varios escritores fosen contadas de forma individual para cada escritor; por exemplo, Marilar Aleixandre conta con 40 achegas no noso corpus, xustamente con outras tres entradas como publicación múltipla, así que, ao actualizarmos a lista, Aleixandre, Marilar figuraría con 43 entradas.

En terceiro lugar, a presenza de información duplicada era un paso que tiña de ser abordado de forma inicial. Así, após a normalización efectuada, as nosas entradas ficaron deste modo: Xerais con 2095 entradas, Galaxia con 1466 e Urco 262. Posteriormente, levamos a cabo a limpeza dos libros non literarios ficando a editorial Xerais con 1328 entradas, Galaxia 945 e Urco 225. Para fixarmos a nosa poboación, decidimos clasificar todos os libros literarios coas etiquetas “narrativa”, “poesía”, “teatro”, “infanto xuvenil” e “outros xéneros” tomando como referencia a clasificación decimal universal “CDU”.

En suma, nesta epígrafe quixemos dar conta de todos os elementos que conforman a información do noso corpus, o noso obxecto de estudo, o estado da arte, alén de reflectir como foi o proceso de limpeza e selección de datos que sustentan o noso traballo. Tamén abordamos os criterios seguidos para a atribución de xéneros e categorías dos libros rexistrados. No seguinte capítulo, mediante apoios gráficos, presentaremos os datos que conformaron o noso traballo.

2. Análise da produción de Xerais, Galaxia e Urco

Para describirmos a actividade da produción editorial de Xerais, Galaxia e Urco entre os anos 2000 e 2019 comezaremos presentando os valores da produción total de cada institución como se pode observar na figura 1.




Figura 1: Número de volumes producidos por anos en Xerais, Galaxia e Urco.

Fonte: Elaboración propia.

Se ollarmos a liña azul de Xerais desde o ano 2000 até 2003 móstranos unha tendencia positiva de produción, xa que rexistra o valor máis alto na gráfica (115), alén de duplicar os seus números con respecto a Galaxia (51) nesa mesma franxa de anos. Non obstante, se repararmos nos valores para 2004, vemos unha grande queda de títulos, chegando a máis da metade (58), en detrimento do ano anterior, que contaba con 115 libros. Galaxia tamén rexistra un dinámica semellante a Xerais xa que tamén experimenta un retroceso — mais moito menos acentuado — entre 2003 (51) e 2004 (43). No entanto, se contemplamos o ano 2005, Galaxia consegue aumentar levemente os seus valores en relación ao ano anterior (44), mentres que Xerais segue caendo até alcanzar os 46 libros. Con todo, o ano 2007 representa na nosa gráfica uns resultados

novidosos. En primeiro lugar, Xerais consegue duplicar a súa produción até chegar aos 83 títulos, revertendo así a tendencia negativa que viñamos sinalando desde os anos 2004-2006.

En segundo lugar, Galaxia, segundo os nosos datos, durante os primeiros anos da produción do segundo milenio, o valor máis alto que rexistraba era 56 en 2001; mais do mesmo xeito que Xerais, tamén presentaba un estancamento na súa produción nese mesmo ano. Malia iso, en 2007 consegue acadar a cota de 60 libros publicados cunha tendencia en alza que se manterá até o ano 2009, onde conseguirá o valor máis alto da súa produción (71) e, por primeira vez, facer un *sorpasso* a Xerais (70), que era a editora que máis volumes producía até ese momento. En terceiro lugar, despois de termos comentado o frutífero que foi o ano 2007 para Galaxia e Xerais, é pertinente sinalarmos como Urco introdúcese, nese mesmo ano, no mercado editorial con apenas unha publicación, mais en 2008 xa a multiplicaría por sete e, en 2009, publicaría 28 títulos en plena crise financeira global de 2007-2008, mais que se chegará a intensificar até os anos 2008-2014 coñecida como a crise económica española.

Continuando co exposto, o ano 2010 supón unha caída de produción para Xerais (51) rexistros e Galaxia (61), mais se centramos a atención en Urco, representa a súa consolidación no mercado editorial até alcanzar 65 volumes publicados por ano. Deste xeito, asistimos ao *sorpasso* de Urco a Galaxia, certificando así a súa progresión meteórica cando en 2007 apenas rexistraba unha publicación. Non obstante, esta dinámica muda considerabelmente nos seguintes anos en Urco, xa que a súa produción cae até os 25 volumes en 2011, do mesmo xeito que Galaxia notifica un descenso entre ese ano (49) e o anterior (61).

En contraposición, en 2011, Xerais aumenta o número de libros no seu catálogo (67), converténdose outra vez na editora que máis rexistros publica. Ademais, no seguinte lustro, 2011-2016, Xerais terá unhas cifras regulares, salvando 2014, en que se observa unha leve queda dos volumes anuais (48). Con todo, nese mesmo período, en relación ao lustro sinalado,

Galaxia, experimenta un descenso significativo da súa produción, sendo o ano 2013 o peor balance rexistrado desta editora con apenas 22 títulos. De facto, consideramos que, aínda que Xerais alberga un bo índice de referencias no ano 2013 (55), descende dos 62 publicados en 2012, e aínda que Urco consegue aumentar a súa publicación en relación ao 2012 (20) rexistros, segue estando bastante lonxincuo dos 65 títulos do ano 2010, a nosa hipótese estaría relacionada coa gran crise económica española que afectou, principalmente, os anos 2008-2014, que sería o motivo dun retroceso na produción destas editoras. Nomeadamente as máis centrais e institucionalizadas como Xerais e Galaxia.

Desta maneira, como se contempla na liña vermella de Galaxia, non é até o ano 2016 cando consegue voltar a un ritmo de produción parecido aos anos anteriores da crise (47), da mesma forma que Urco semellaba consolidarse no mercado editorial no 2013-2014, contando no seu haber con 20 e 22 títulos. Por contra, no ano 2015, mentres que Xerais e Galaxia conseguen aumentar e reforzar súa produción 60 e 34 respectivamente, Urco apenas chega a 9 volumes tendo unha leve melloría en 2016 (11), mais certificando un descenso notorio como se ilustra na Figura 1, chegando en 2019 a publicar unicamente 1 libro. Consideramos que a caída abrupta de Urco pode deberse ao non estar directamente relacionada coa produción do libro de texto, é dicir, o mundo do ensino. Se anteriormente citabamos a importancia do ensino, temos a hipótese de que é moi probábel que o modelo empresarial das editoras Xerais e Galaxia nítrese do libro de texto para manter uns números constantes nas súas producións, como dimos conta na limpeza do noso corpus, mentres que Urco, ao non estar vinculada ao ensino explicaría a pouca produción rexistrada desde hai un lustro.

Alén do *sorpasso* de Xerais a Galaxia en niveis de produción (2011), advertimos unha mudanza de tendencias entre ambas as editoras. Nos anos 2017 e 2018 Xerais segue a ser a editora que máis volumes publica (46 e 47), mais mostra un forte declive en relación 2016 (65). Porén, aínda que Galaxia tamén amosa unha perda progresiva de títulos nos anos 2017 e 2018 (40 e

34), se prestamos atención aos datos de Galaxia, no ano 2019 alcanzou 58 volumes na súa produción, alén de rexistrar outro *sorpasso* a Xerais que nese mesmo ano contou con 44 libros no seu catálogo.

Canto á distribución por xéneros da produción total de cada editora, a figura 2 indícanos que a editora Xerais é a entidade que máis libros publica fronte a Galaxia e Urco. Ademais, o diagrama tamén nos mostra que xéneros son os que teñen un maior volume de publicación. Se comezamos de menor a maior volume de produción en Xerais vemos como “teatro” conta con só 3,07 % de títulos seguido de “outros xéneros” que apenas ten 3,1 % mentres que o xénero da poesía alcanza un 13,4% da produción total de Xerais.




Figura 2: Distribución dos xéneros en Xerais, Galaxia e Urco.

Fonte: Elaboración propia.

Se ben é certo que a poesía ocupa un posto de importancia, pois é o terceiro xénero máis publicado, no entanto, dado á tradición literaria galega neste xénero, sobexamente coñecida e estudada, temos a hipótese, a través dos datos xerados, de que poderíamos estar perante a consolidación do xénero da narrativa tal como xa era apuntado por Dolores Vilavedra (2010: 30), onde sinalaba a preferencia da narrativa fronte á poesía:

Sen dúbida, a edición de poesía beneficiase dos menores custos que implica a habitual brevidade de textos, o que ademais estimula a edición de autor; pero tamén é certo que ambos factores actúan sempre e non son exclusivos dunha ou outra etapa. Na miña opinión, a decisión dos escritores e escritoras de optar por un determinado xénero non é só unha opción artística senón que ten que ver co protagonismo público e o prestixio que poidan ter as diversas modalidades xenéricas e que estimula os creadores a abeirárense a unha ou outra. Consonte a isto, ese protagonismo corresponderíalle con rotundidade a narrativa entre o 1987 e 1996.

Así, no número de títulos publicados por ano, poderíamos resumir que até o 1986 por cada 31 volumes de poesía publicados habería 15 de narrativa, porén, nos anos 1987 e 1996, esa tendencia reverteríase, sendo a narrativa o xénero que máis se publicaría nese período. Con todo, o seguinte lustro —1996-2001— Dolores Vilavedra observa como volta a ser a poesía o xénero con máis títulos (2010: 30). Se trasladásemos eses datos á nosa gráfica, especialmente á produción de Xerais, confirmaríase o dito por Vilavedra (2010) de que estamos perante unha mudanza de paradigma con un auxe da narrativa que representaría 30,4 % da produción total. Desta maneira, se ampliamos esta cuestión ao volume de produción de Galaxia obtemos unha información semellante, xa que alberga 141 títulos de poesía fronte aos 387 da narrativa. De facto, en Galaxia, dado que conta con unha menor produción que Xerais, as porcentaxes inclínanse aínda máis cara unha maior produción da narrativa (41,5 %) ca poesía (15,1 %), reafirmando a perda de posición da poesía en favor da narrativa.

Retomando a produción de Xerais, notificamos unha grande cantidade de volumes que pertencen ao xénero infanto-xuvenil, moi superior á narrativa. Desde o noso punto de vista, cremos que se compararmos estas cifras coas outras dúas editoras do noso estudo, habería un público bastante consolidado que, dada súa importancia xunto coa narrativa, serían os únicos xéneros que aparecen en todos os catálogos de Xerais, Galaxia e Urco. Deste modo, en Xerais,

o xénero infanto-xuvenil alcanza un 49,8 % da súa produción, sendo así o xénero máis publicado por esta editora. Galaxia, pola súa parte, conta con 36,6 % libros infanto-xuvenís, sendo o segundo xénero, por detrás da narrativa, con maior número de publicacións. Urco editora conta cuns números inferiores de volumes inseridos no xénero infanto-xuvenil, mais iso tradúcese en que un 22,1 % da súa produción está destinada a ese campo malia iso, a narrativa, segue a ser o xénero predilecto para publicar, representado con aproximadamente un 77,8 % do seu catálogo.

Despois de termos abordado como se distribúe cronoloxicamente e como se compón canto aos xéneros a produción das editoras deste estudo, veremos como está organizada en relación cos parámetros da tradución, tradición e produción.




Figura 3: Distribución da produción, tradución, tradición en Xerais, Galaxia e Urco.

Fonte: Elaboración propia.

O diagrama de barras representado na figura 3 mostra como en Xerais a maioría dos títulos pertencen á “produción”. Cando nos referimos a “produción”, facemos mención a todos os volumes que nin son introducidos baixo a categoría da tradición nin tampouco da tradución. A

simple vista, podemos observar como Xerais case consegue triplicar o número de títulos vinculados á tradución (21,2 %) en relación á tradición (8,3 %). Paralelamente, Urco tamén amosa unha dinámica semellante a Xerais, se ben é certo que o seu volume de publicación é bastante inferior, a tradución alberga aproximadamente un 71,4 % do seu catálogo, isto significa que de cada 10 libros publicados en Urco, 7 pertencen a escritores foráneos, mentres que apenas 3 son autores pertencentes ao sistema cultural galego.

Por outro lado, Galaxia ten unha tónica de publicación semellante a Xerais, mais cunha lixeira diferenza: a tradición ten máis peso que a tradución. Esta editora prefere priorizar a publicación de escritores galegos xa finados fronte á importación de repertorios doutras literaturas. Mostra diso son os 20,9 % de títulos que representan case o triplo de publicación fronte a Xerais, facendo así o campo da tradición como trazo individualizador a respecto das outras editoras.

A continuación, despois de explicarmos o volume de produción tanto en termos de tradición e tradución, consideramos pertinente levar o noso estudo na procura de máis detalles que nos permitan comprender en que xéneros se concentran a tradición e a tradución.




Figura 4: O impacto da tradición en Xerais, Galaxia e Urco.

Fonte: Elaboración propia.

Deste xeito, en Xerais encontramos que 21,2 % dos títulos que se insiren na nosa etiqueta de tradición estarían conformados da seguinte forma: 66,2 % encáixase no xénero infanto-xuvenil, un 15,6 % en poesía, mentres que en narrativa hai un 14,4 % e 3,6 % en outros xéneros. Así, entendemos que en Xerais o xénero que sustenta a tradición está vinculado aos repertorios infanto-xuvenís. En Galaxia, asistimos a unha tendencia completamente oposta, xa que a narrativa sería o xénero que conta con un maior impacto asociado á tradición con 67,9 %, mentres que o infanto-xuvenil albergaría un 17,6 %, fronte os 7,5 % da poesía, o 4,4 % inserido en outros xéneros e, por último, un 2,5 % en teatro. Por contra, a editora Urco, apenas conta con sete volumes que se encaixen na tradición, sendo todos estes pertencentes ao xénero infanto-xuvenil.

No entanto, se contemplamos os datos da tradución (Figura 5) podemos notificar como Urco sería a editora que máis volume de publicación destina ao xénero da narrativa 86,2 % fronte a Xerais, quen monopoliza as traducións infanto-xuvenís (80,6 %), mentres que Galaxia representa un equilibrio en relación ás outras editoras xa que, se ben é certo que non ten uns números máis grandes que Xerais e Urco, coa súa publicación da narrativa 32,3 % (Figura 2) é superior a Xerais (19,3 %), no xénero infanto-xuvenil (67,7 %) tamén presenta unhas cifras maiores que Urco (13,7 %).




Figura 5: O impacto da tradución en Xerais, Galaxia e Urco.

Fonte: Elaboración propia.

Dende o noso punto de vista, a disparidade en torno aos campos da tradición e a tradución teñen a ver coas estratexias de mercado que levan a cabo estas editoras. Xerais, representa neste traballo a editora que posúe un maior número de produción, de aí que non sorprende que sempre teña presenza en cada un dos xéneros que fomos analizando nestas páxinas. Con todo, en termos da tradición, comprobamos que esta editora posúe un número pequeno de publicación, mais se tivésemos que pór en relevo o punto forte de Xerais, sería a súa centralidade, xa que alén de ter o maior catálogo de tradución en relación ás outras editoras, se o observamos en porcentaxes tendo en conta a cantidade de rexistros cos que conta, tamén notifica unha grande oferta de volumes pertencentes á tradición, aínda que sexa superada pola produción de Galaxia nesa categoría.

Desta maneira, a estratexia de mercado de Galaxia segundo os nosos datos, sería a editora que máis publica no parámetro da tradición. Se cadra, isto pode deberse a que Galaxia ocupa un posto de prestixio no sistema literario galego, xa que é a editora máis lonxeva en comparación a Xerais e Urco, ademais de ter os dereitos de edición de varios autores clásicos da literatura galega, o que explicaría como é a editora que publica máis títulos dos escritores inmensamente

coñecidos polos galegos e galegas (Castelao, Cunqueiro, Blanco Amor, Neira Vilas) mentres que, nas outras editoras, é estraño encontrarmos estes produtores nos seus catálogos. Con todo, tampouco nos gustaría obviar que incorpora un número salientábel de obras foráneas que lle permiten tamén ter unha centralidade ao igual que Xerais, pois ambas son capaces de teren un catálogo bastante amplo dada a súa produción e así chegar a un maior cantidade de público.

Por último, Urco, a editora máis pequena en relación a Xerais e Galaxia, ten como principal estratexia de mercado a aposta pola tradución. Se atendemos as Figuras 3 e 5, é certo que Xerais contén no seu catálogo un maior número de libros traducidos ao galego (217), mais se expresamos os datos en porcentaxes, é Urco quen máis incorpora (71,4 %). Isto débese a que, dado a cantidade de volumes que contén Xerais, en comparación con Urco que alberga un 71,4 % de tradución fronte a Xerais, que conta cun 21,2 %. Deste modo, a estratexia de mercado de incorporar títulos doutras culturas, se callar, sería o trazo máis individualizador de Urco. De facto, podemos visualizar esta dinámica na nómina de autores que posúe esta editora como aparece ilustrado na Figura 6.

Así, non é estraño, como viñamos explicando anteriormente, que en Urco as tres autorías que contan con máis libros no seu catálogo pertencen á literatura inglesa: Jack London, Robert Ervin Howard e H.P. Lovecraft. Ademais, é interesante destacar como nesta editora hai máis escritores que teñen máis de 35 publicacións fronte a 31 autorías que teñen só unha publicación. Unha dinámica parecida acontece coas autorías que conteñen, polo menos, entre 6 e 9 volumes saídos do prelo, sendo unicamente levado a cabo por dous escritores, mentres que Martinho Terrafría ou Jack London teñen 11 e 10 títulos, respectivamente.




Figura 6: Número de publicacións por produtor/a en Urco.

Fonte: Elaboración propia.

En relación ao grupo que contén ao redor de 2 a 5 referencias verificamos que hai 19 autorías, mais decae drasticamente se o comparamos co grupo de autores que posúen entre 6 e 9 volumes. Desta forma, podemos ver que Urco aposta por escritores clásicos da narrativa anglosaxoa, tal como se advertiu a través dos valores na Figura 6 de Robert Ervin Howard e H.P. Lovecraft que supoñen o 50,3 % da produción total desta editora.

Das autorías que máis escriben en Xerais (Figura 7), o máis destacado é a extensa nómina de escritores que aparecen no catálogo desta editora. En oposición a Urco, podemos contemplar como non hai ningún escritor procedente doutras literaturas no *top* 10 que agrupa os produtores con maior número de títulos.




Figura 7: Número de obras publicadas por produtor/a en Xerais.

Fonte: Elaboración propia.

A seguir, se nos fixamos nas porcentaxes daquelas autorías que teñan publicado, polo menos, un volume entre os anos 2000 e o 2019, estas simbolizan un 33,4 % da produción de Xerais. Isto indícanos que esta entidade non supedita a súa produción a aquelas persoas que máis publican, como é o caso de Agustín Fdez Paz, con 56 títulos, quen alcanza ao redor de 8,9 % do volume total do catálogo. Se repararmos nos grupos de produtores que teñan polo menos publicado entre 2 e 5 libros, vemos como representan a metade en relación a aqueles que contan cun único título publicado. De facto, esta apreciación tamén se manifesta no diagrama de autores de Urco, xa que tamén se rexistra a caída case dun 50% de produción entre os escritores que albergan un único rexistro en relación aos que teñen entre 2 e 5 volumes publicados.

Consecuentemente, un dos aspectos máis interesantes da gráfica de Xerais é que conta no seu catálogo cun grupo de 20 autorías que posúen entre 6 a 10 libros publicados, porén, aínda que significa tan só 3,1 % da súa produción, cómpre destacarmos que se o compararmos con aqueles escritores que teñen publicado entre 11 e 15 volumes (2,3) %, son números bastante parecidos. Por último, podemos considerar que o volume de produción dos escritores que máis

publican son parecidos se excluimos aqueles que forman o *top 4* de máis publicacións. Santiago Jaureguizar e Leticia Costas teñen a mesma cantidade de referencias fronte a Xabier Docampo e Fina Casalderrey que albergan 19, respectivamente. Esta tendencia por pares tamén se exemplifica con Suso de Toro e Marilar Aleixandre, que contan con 21 títulos cada un. Non obstante, esta dinámica muda cando analizamos o contributo de Manuel Rivas (26) e Ramón Caride (29), onde este último semella estar máis próximo á produción de Xesús Miranda que conta con 31 libros, mentres que Agustín Fdez Paz mantense na cúspide sendo o autor que máis volumes publica con Xerais con 56, mantendo unha diferenza significativa con Xesús Miranda. Por tanto, a través dos datos fornecidos da gráficas podemos informar que a produción de Xerais é fragmentada, unha dinámica moi oposta á rexistrada en Urco que se caracterizaba pola centralización e por destinar a maioría do seu catálogo a volumes pertencentes á tradución. Xerais, encontra en Agustín Fdez Paz a autoría que máis títulos ten publicados onde a súa obra está encaixada, principalmente, no xénero infanto-xuvenil, que representa un 49,8 % da produción total de Xerais.




Figura 8: Número de obras publicadas por produtor/a en Galaxia.

Fonte: Elaboración propia.

A Figura 8 de Galaxia é semellante aos datos que nos fornecía o diagrama de barras de Xerais da Figura 7. Se elaborarmos unha comparación entre ambas podemos ver como as autorías que contan con só unha publicación (211) son levemente superiores en relación a Xerais (210). Por contra, vemos que Galaxia conta con menos escritores que teñan entre 2 e 5 publicacións con respecto a Xerais. Ademais, tamén se mantén esa tendencia cando se comparan as autorías que teñen entre 6 e 10 títulos; por contra, apenas podemos contar con 12 en Galaxia fronte a Xerais con 20.

En relación aos escritores que máis libros teñen publicados, en Galaxia vemos como en termos absolutos a autoría que conta con máis títulos no seu haber é Xosé Neira Vilas con 21 volumes, demostrando así como a tradición e a narrativa son o trazo diferenciador desta editora fronte ás outras dúas. Ademais, se o compararmos coas outras editoras en relación ás autorías que máis referencias teñen, a produción de Neira Vilas representa apenas un 4,7 % do volume total fronte ao 8,9 % de Agustín Fdez Paz da editora de Xerais e H.P. Lovecraft (25,1 %) de Urco editora.

Seguidamente, tamén vemos unha tendencia común nas autorías que se encontran nos postos de máis referencias publicadas: tanto Antón Riveiro Coello, como Fina Casalderrey, que teñen 14 títulos en Galaxia, están ligados ao ensino. Non obstante, cómpre facermos un inciso sobre a produción da autora Fina Casalderrey; a escritora pontevedresa é a única autoría que figura entre as persoas que máis publican tanto en Galaxia 14 como en Xerais 19, onde a súa produción é superior en Xerais fronte ao catálogo de Galaxia (Figura 7).

Para concluírmos, a través da gráfica dos produtores de Galaxia (Figura 8), podemos advertir o importante peso que ten a tradición, como viñemos sinalando nas páxinas anteriores deste capítulo. Se nos cinguimos á definición que demos para a concepción da tradición neste estudo, vemos como cinco das sete autorías que máis publican na editorial Galaxia — Blanco Amor,

Castelao, Otero Pedrayo, Cunqueiro e Neira Vilas — están vinculadas á tradición posto que a súa obra xa só funciona mediante novas edicións de carácter póstumo.




Figura 9: Distribución de autorías femininas e masculinas na produción editorial de Xerais, Galaxia e Urco.

Fonte: Elaboración propia

Despois de termos comentado como se conforma a nómina de escritores das editoras de Xerais, Galaxia e Urco, cremos necesario analizar como é a distribución das autorías entre homes e mulleres. Deste xeito, se unificarmos todos os produtores e produtoras nunha única gráfica, achamos que 73,6 % son autores masculinos fronte a 26,4 % de autorías femininas. Explicado doutro modo, por cada dez libros editados no noso traballo, sete son escritos por homes e menos de tres por mulleres.

No entanto, se ollamos á produción da narrativa, observamos uns valores distintos aos amosados no parágrafo superior, por cada dez libros asinados, catro son de autoría feminina e seis son autores masculinos. O 19,5 % da produción de narrativa en Galaxia está asinada por mulleres. Xerais, do mesmo modo que Galaxia, tamén alberga unha presenza notoria de autoras, de facto, até consegue mellorar os números de Galaxia con 67 autorías femininas aínda

que se traducimos os datos en relación ao volume de produción, Galaxia álzase cun 19,5 % en contraposición a Xerais, que mostra unha leve minoría 17,3 %. Urco, por contra, é a editora que conta con menos autoras no seu catálogo da narrativa (3,7 %). Con todo, se atendemos ás palabras de Ana Luna Alonso (2019 :38), membro do grupo BITRAGA da Universidade de Vigo indica unha mudanza na produción de Urco que explicaría os números descritos neste parágrafo:

A partir de 2016 fixeron cambios importantes, mudanzas que renovan e actualizan a oferta editorial en constante adaptación, abríndose a todo tipo de xéneros, tanto en creación como en tradución, na procura de textos vangardistas, feministas e inclusivos de calidade literaria.




Figura 10: Distribución de autorías femininas da narrativa na produción editorial de Xerais, Galaxia e Urco Fonte: Elaboración propia

3. Análise e categorización da narrativa publicada por Xerais, Galaxia e Urco

Nas seguintes páxinas analizaremos o peso da narrativa en termos de publicación; isto é, dos resultados comentados no capítulo anterior, cantos deles pertencen ao xénero da narrativa e, por outra banda, tamén daremos mostra, a través dunha nova gráfica, da atribución de categorías e dos seus volumes de publicación.




Figura 11: Número de volumes producidos anualmente pertencentes á narrativa en Xerais, Galaxia e Urco.

Fonte: Elaboración propia.

Ao fío do apuntado, na produción anual da narrativa (Figura 11) advertimos como os resultados de Xerais difire da gráfica de produción total (Figura 1), cando era case sempre a editora que máis libros publicaba por ano. Por outra banda, se nos remitimos aos valores da Figura 10 encontramos unha dinámica completamente á inversa onde agás os anos (2003, 2007, 2013, 2014, 2015 e 2018) é Galaxia quen se consolida como a editora con maior títulos producidos

por ano do xénero da narrativa. Isto confirma a información que fora xa abordada na Figura 2, onde Galaxia tiña unha grande cantidade de volumes inseridos na narrativa. Ademais, se observamos a vinculación desta editora, Galaxia, co xénero da narrativa, no ano 2000 conta co seu mellor rexistro (29). De facto, documentamos que até a seguinte década Galaxia non voltará a producir unhas cifras semellantes. Non obstante, aínda que sempre notifica unha maior produción que Xerais no xénero narrativo, cómpre destacarmos que está lonxincuo dos rexistros que posúe o catálogo de Urco, pois no propio 2010 saían do prelo 58 volumes da narrativa vinculados a esta editora. Desta forma, podemos ver como a produción de Urco está intrinsecamente relacionada coa narrativa, e despois dos datos fornecidos das anteriores figuras sabemos que ese *boom* de produción estaría ligada á tradución de títulos procedentes do inglés. Así, a través desta gráfica podemos tirar as seguintes ideas. En primeiro lugar, Xerais é a editora que máis referencias publica por ano se reparamos na produción total, mais se levamos a cabo esa comparación co xénero da narrativa, axiña nos damos conta de que sería a editora que menos publica, se facemos o contraste en termos absolutos perante Galaxia e Urco. Ao fío do sinalado, Galaxia salvando os anos da crise económica de 2013 e 2014, case sempre presenta unha regularidade na produción do xénero da narrativa. Urco, a pesar de que nas gráficas presenta un volume de produción menor, sumado a que o seu período de actividade comeza no ano 2007, notifica o valor máis elevado da Figura 11 ao ter publicado 58 libros na narrativa no 2010. Ademais, tamén é a única editora que amosaba o valor máis pequeno da gráfica rexistrado no 2019 cun único volume. Con todo, podemos concluír que Urco concentra unha grande cantidade de títulos nos seguintes anos da súa creación (2007), onde a narrativa é o xénero que máis é incorporado por esta editora, como se observa no contraste entre as Figuras 3 e 5 que ratifican esa tendencia.

Desta forma, podemos achegar que a produción de Xerais e Galaxia está moito máis distribuída no tempo, alén de tamén presentar un patrón regularidade a pesar dos anos de crise financeira

como xa foi explicado anteriormente. Por conta, Urco, ten unha produción moi concentrada superando os números de Galaxia e Xerais. Con todo, observamos que ese ascenso meteórico non consegue manter esa dinámica ascendente e, nos anos posteriores ao ano 2008 presenciamos un descenso abrupto que durará aproximadamente até o ano 2013, mais que seguirá caendo nos seguintes anos rexistrando no 2019 unha soa publicación na narrativa.

Por súa vez, como xa foi indicado previamente, após a análise da produción anual de cada editora e, especialmente, aquela referida á narrativa, é pertinente clasificarmos como se conforman as etiquetas da narrativa contemporánea de cada editora.




Figura 12: Distribución das categorías da narrativa de Xerais, Galaxia e Urco.

Fonte: Elaboración propia.

Xa en relación coa etiquetaxe da narrativa, segundo os nosos datos, a categoría de “aventuras” en Xerais é a máis prolífica do xénero da narrativa xa que non hai ningunha outra categoría que supere os 25,7% dos títulos do seu catálogo. Por contra, en Galaxia observamos como esta etiqueta tamén ten unha presenza consolidada representada cun 14,5 %. En relación a Urco,

alén de só contar con 5,9 % de volumes que teñan como principal característica o mundo das aventuras.

A categoría de “sociedade” tamén ten presenza nos catálogos de narrativa das tres editoras. Para Xerais, son 13,3 % volumes do seu catálogo que teñen esa temática presente fronte aos 13,1 % de Galaxia e 0,6 % de Urco. No entanto, se observamos a etiqueta “emigración e ruralismo”, automaticamente confirmamos unha tendencia oposta xa que, por primeira vez, unha das editoras non cultiva esta temática, como acontece con Urco. Por outra banda, Xerais conta no seu catálogo con 7 % de títulos fronte aos 16,3 % de Galaxia, sendo así unha etiqueta con grande volume na produción de Galaxia. A nosa hipótese da rendibilidade desta categoría débese a que, como apuntamos nas anteriores páxinas, para Galaxia a “tradición” é a principal aposta desta entidade, como mostramos na Figura 8 ao censarmos que a meirande parte das autorías que máis publican con esta editora actualmente xa están finados. Desta maneira, só con repararmos na produción de Xosé Neira Vilas, o escritor que máis publica en Galaxia (21), moitas obras súas están inseridas na categoría de “emigración e ruralismo”. Eis, por tanto, se callar, a grande diferenza existente entre Xerais e Galaxia que se debe a que os escritores procedentes da tradición e publicados na súa maioría en Galaxia, eran nados a finais do século XIX e comezos do XX, cando moitos deles reflectiron nas súas páxinas a situación que atravesaba Galiza nese período, vinculada cos traballos no rural ou coa necesidade de emigrar a territorios do continente americano.

Se atendermos ás etiquetas sinaladas por Núñez Sabarís (2019) o “thriller xacobeo”, en Xerais obtén un 5,6 % da súa produción total, mentres que Galaxia e Urco contan con 3,5 % e 0,6 %, respectivamente. En contraposición, advertimos unha rendibilidade maior coa categoría “drama policial”, onde Galaxia é a editora que máis libros notifica 8,8 % en comparación a Xerais 5,6 % e 2,6 % en Urco. Non obstante, a “narcoficción” non semella ter un grande impacto no xénero da narrativa. Así, mentres Urco non rexistra volumes desta etiqueta, Galaxia

só dedica un 0,3 % e Xerais un 3 %. Por tanto, a produtividade das categorías establecidas por Núñez Sabarís son relativamente escasas, Xerais é a única editora que mostra máis regularidade na publicación destas etiquetas, sendo o “drama policial” aquela que máis volume atinxe (5,6 %) empatada co “thriller xacobeo”. Galaxia, apenas ten representación no “romance negro” (0,3 %) alén de ter uns números semellantes a Xerais en relación á categoría de “thriller xacobeo”, mais no “drama policial” mostra a grande rendibilidade desta temática no seu catálogo sendo a editora que rexistra a porcentaxe máis alta das categorías sinaladas por Núñez Sabarís con un (8,8 %). Non obstante, se analizarmos por conxunto estas etiquetas, encontramos como no cómputo total da produción das editoras de Xerais, Galaxia e Urco que o “drama policial” é a categoría que máis representación ten (17 %) en detrimento do “thriller xacobeo”(9,7 %) e do “romance negro” (3,3 %).

En oposición, a marca “historia” no catálogo de Xerais alberga un 19 % da súa produción total. Do mesmo xeito, acontece en Galaxia que tamén inscribe 14,9 % atribuídos a esta categoría, mentres que Urco non incorpora ningunha obra que poida ser encadrada nesta temática. Canto á narrativa erótica, vemos unha tendencia paralela entre as editoras, tal como foi advertido nas nosas follas de cálculo como a “narrativa erótica” non semella ter unha grande presenza nas tres editoras, pois en Xerais esta categoría alcanza un 3 % da súa produción total, fronte 1 % de Galaxia e 0,6 % de Urco. Por contra, sinalamos en “outros” uns números significativos que a través do seu discurso editorial non puidemos categorizarmos a súa etiquetaxe dado a súa miscelánea temática, sendo Urco a que menos contén 1,9 % fronte a Xerais 12,3 % e Galaxia 16,3 % da produción.

Non obstante, se valoramos os números de Urco en relación á categoría “fantasía e terror”, observamos os valores máis altos da gráfica 87,8 %, non só propios desta editora senón tamén en relación ás categorías que presentaron unha maior rendibilidade en Galaxia e Xerais que difiren dos 5 % de Xerais e os 10,6 % de Galaxia na etiqueta de “fantasía e terror”.

A explicación de que Urco rexistre unha produción tan elevada vinculada á “fantasía e terror” xa foi estudada por Luna (2019), que realizou unha serie de entrevistas aos fundadores das novas editoriais do campo editorial galego, entre elas figuraba a irrupción de Urco onde os seus directivos explicábanos motivos e os obxectivos que tiveron para impulsar a creación desta editora: “é unha empresa que veu encher un oco histórico no sistema literario: a publicación sistemática e especializada de literatura de fantasía, ciencia ficción e terror”. Deste xeito, Urco busca ocupar ese oco no sistema literario, tendo como punta de lanza a categoría da “fantasía e o terror”, que alberga 87,8 % da súa produción no xénero da narrativa; por tanto, busca ser referencia fronte ás outras editoras. Este método de especialización, tamén se pode ver en Galaxia ao ligar a meirande parte da súa produción da narrativa á etiqueta de “emigración e ruralismo” que estaría vinculada á tradición e sería o trazo máis representativo desta editora. Xerais encontra na categoría de “aventuras” o seu maior número de volumes vinculado á narrativa que, a través das figuras sinaladas ao longo destas páxinas, tería relación coa produción que destina para o seu público infanto-xuvenil.

4. Conclusións

Este traballo consistiu nunha análise e proposta de categorización da narrativa galega contemporánea a partir do estudo da produción editorial das editoras Xerais, Galaxia e Urco nos anos 2000 a 2019. Deste modo, durante o proceso de realización do mesmo conseguimos levantar unha serie de hipóteses que serán explicadas a continuación.

Canto ás ferramentas utilizadas, tanto as follas de cálculo para as abordaxes cuantitativo-cualitativas como a BD do *Projeto Livro Galego* para a fixación da poboación, verifícase de utilidade para atinxirmos os obxectivos marcados no traballo. En relación á BD do *Projeto Livro Galego*, aínda en fase de normalización e revisión, o noso traballo contribuirá para esa

limpeza e normalización dos rexistros relativos á produción destas tres editoras e para a categorización da súa produción narrativa.

Canto ao estado da arte, o traballo achega un tipo de coñecemento novo ao existente previamente, toda a vez que o TFG é o único traballo que coñecemos que se asenta na análise empírica e relacional dun banco de datos composto pola produción completa de tres editoras con traxectorias e niveis de centralidade e impacto diferente no campo editorial galego contemporáneo. Ese novo coñecemento novo ten a ver co seguinte:

En primeiro lugar, o impacto da crise económica de 2008-2014 é maior naquelas editoras dependentes do ensino (Galaxia/ Xerais) do que outras editoras máis autónomas e especializadas (Urco). Ademais, as editoras Galaxia e Xerais son as máis centrais ao acumular o maior volume de produción en relación a Urco, que conta con menos traxectoria no campo e menos estrutura empresarial. Galaxia, especializada na tradición ligada maioritariamente ao xénero da narrativa, alberga unha grande publicación de títulos sendo a referencia de autores clásicos galegos en detrimento das outras editoras que forman o noso estudo. Xerais, por contra, aínda que tamén incorpora autores clásicos vinculados á tradición, non consegue superar as cifras de Galaxia. A explicación débese, tal como advertimos no catálogo de Xerais, a que hai unha forte demanda do xénero infanto-xuvenil, que se traduce nun 49,8 % da súa produción, alén de se erixir como a editora con máis volumes vinculados a este xénero fronte a Galaxia e Urco.

Por contra, a inclusión de Urco no campo editorial galego é a mostra da importancia da tradución como trazo individualizador fronte Xerais e Galaxia. De facto, a nosa hipótese é que Urco, dado a súa discreta produción en relación ás outras dúas editoras, decide se converter na representación das temáticas de “fantasía e terror”, sendo estas apenas rexistradas en Xerais e Galaxia. Ademais, tamén notificamos unha grande incorporación de clásicos ingleses sendo un

84,3 % do seu catálogo, dos cales un 57,6 % estaría concentrado en H.P. Lovecraft, Jack London e Robert Ervin, mentres que en Galaxia e Xerais non se rexistra a introdución de escritores foráneos entre as autorías que máis publican.

En segundo lugar, as tres temáticas analizadas por Nũñez Sabarís teñen un impacto mínimo na produción editorial destas editoras, onde no conxunto de todas estas chegan a un 30 % dos catálogos da narrativa. O “drama policial” sería a categoría que mellores números recolle cun (17 %) do cal a maioría desa produción estaría publicado por Galaxia que destina perto dun 8,8 % no seu catálogo.

En terceiro lugar, outra das informacións levantadas tiña de ver co índice de produción de autorías femininas e masculinas. Deste xeito, puidemos mostrar mediante gráficas, como o campo editorial galego das editoras Xerais, Galaxia e Urco aínda presenta unha gran diferenza na inclusión de autorías femininas con apenas un 26,4 %, sendo Urco a que menos escritoras incorpora fronte a Xerais e Galaxia, que presentan datos moi similares. Non obstante, no campo da narrativa documentamos uns valores distintos onde catro de cada dez escritores que publican con estas editoras son autorías femininas, mentres que os outros seis serían autorías masculinas.

Por último, do traballo realizado dérvase unha aprendizaxe en relación ás ferramentas procedimentais (BD, follas de cálculo) tanto para fixar como para analizar e representar a información obtida do corpus empírico; a necesidade de fixar un determinado coñecemento e presentalo de forma fluída, coherente e organizada alén de pór en práctica as competencias adquiridas na materia Tecnoloxías da información e computación do grao en Galego-Portugués que se traduciu nunha experiencia valiosa para afrontar futuros traballos.

5. Referencias Bibliográficas

- AS-PG, “Historia da literatura galega”. Obtido de <http://literaturagalega.as-pg.gal/etapas/a-etapa-contemporanea> [consult.01.04.2021]
- Ballesteros, Xosé (2016): “Ambicións e posibilidades globais da nosa industria cultural: Reflexión sobre a internacionalización do libro galego”, *Tempo exterior* 33, 107-111 (Pontevedra: Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional).
- Barré, Germain (2010). “La globalización de la cultura y la cuestión de la diversidad cultural: estudio de los flujos mundiales de traducciones entre 1979 y 2002”, *REDES- Revista hispana para el análisis de redes sociales* 8, www.revista-redes.rediris.es [consult.09.03.2021]
- Bragado, Manuel (2013): “Tradución e literatura galega (II)”. *Lingua e tradución. IX Xornadas sobre lingua e usos*, 221-225 (Coruña: Universidade da Coruña).
- Cernadas, Lucía (2020): “O campo editorial galego de 2003 a 2019: ferramentas de análise de teste sobre a produción das editoras incorporadas no período”, Tráballo fin de grao orientado por Roberto Sanmartim (Coruña: Facultade de Filoloxía, Universidade da Coruña).
- Freixanes, Víctor (2013): “A industria editorial. Tempos difíciles”. A comunicación en Galicia (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- Luna Alonso, Ana (2019): “Editoras de nova xeración e políticas de tradución en Galicia no século XXI”, *Galicia* 21, pp 30- 49.
- Sabarís Núñez, Xaquín (2019): *Cartografías da narrativa galega contemporánea* (Vigo: Galaxia).

Samartim, R., & Cernadas, L. (2020). Livro Galego – Base de Dados do livro galego no período autonómico (1978-2019) [Base de dados bibliográfica]. Projeto Livro Galego. <https://livrogalego.net/> [consult.4.04.2021].

Vilavedra, D. (2010): *A narrativa galega na fín de século unha ollada crítica dende o 2010* (Vigo: Galaxia).